

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº6/2016, ORDINARIA, REALIZADA O 28 DE XULLO DE 2016.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
RAMILO VARELA, Margarita
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Secretario do Concello

Diego García Dova!

NON ASISTE


Interventora do Concello

Noemí González Mato

HORA DE INICIO: 12:05

HORA DE REMATE: 12:36

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:05 horas do 28 de xullo de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 21 de xullo de 2016, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 6/2016, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.:

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación das actas das catro sesións anteriores (nº 2/2016, extraordinaria, do 18 de marzo de 2016; nº 3/2016, extraordinaria, do 30 de maio de 2016; nº 4/2016, extraordinaria, do 30 de maio de 2016; e 5/2016, extraordinaria e urxente, do 1 de xullo de 2016).
- 2.-Proposta de fixación de festas laborais locais para 2017.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 3.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 4.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 5.-Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS CATRO SESIÓNS ANTERIORES (Nº 2/2016, EXTRAORDINARIA, DO 18 DE MARZO DE 2016; Nº 3/2016, EXTRAORDINARIA, DO 30 DE MAIO DE 2016; Nº 4/2016, EXTRAORDINARIA, DO 30 DE MAIO DE 2016; E 5/2016, EXTRAORDINARIA E URXENTE, DO 1 DE XULLO DE 2016).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 2/2016, extraordinaria, do 18 de marzo de 2016, nº 3/2016, extraordinaria, do 30 de maio de 2016; nº 4/2016, extraordinaria, do 30 de maio de 2016; e 5/2016, extraordinaria e urxente, do 1 de xullo de 2016 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación as actas, e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .


2.-PROPOSTA DE FIXACIÓN DE FÉSTAS LABORAIS LOCAIS PARA 2017.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 6 de xullo de 2016, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais para 2017

Con data do 23 de xuño de 2016 recibíuse no Concello (registro de entrada 1.606) un escrito remitido pola Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano 2017, (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría antes do 30 de setembro de 2016.

En uso das atribucións que me conferen coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes **ACORDOS**:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2017:

-28 de febreiro de 2017 (Martes de Entroido)

-8 de setembro de 2017 (Virxe do Socorro)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes do 30 de setembro de 2016."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 22 de xullo de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as nove señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

DEBATE

O señor Alcalde explica que no ano anterior se variaron as datas tradicionais de festas laborais locais, ao pasarse do 8 de setembro a San Xoan, mais este ano xa foi festivo autonómico. Manifesta que o 8 de setembro é tradicionalmente a festa grande do Concello e que o martes de Entroido é festivo en toda a comarca coa que Carral ten vinculación por razóns laborais e de ocio, polo que é razoable facer coincidir tal día.

Ninguén desexa realizar ningunha observación.

VOTACIÓN E ACORDOS


Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2017:

-28 de febreiro de 2017 (Martes de Entroido)

-8 de setembro de 2017 (Virxe do Socorro)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes do 30 de setembro de 2016.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DE MAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados polo señor Alcalde entre o 30 de maio de 2016 e o 21 de xullo de 2016 (dende a anterior sesión con contido de ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), [ademais dos decretos 112bis/2016, do 20 de abril e 134bis/2016, do 11 de maio, por seren enviados pola Deputación da Coruña con posterioridade á anterior dación de conta de decertos] dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de tres reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das tres resolucións (nº 157, 220 e 222/2016) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
112bis/2016	20/04/2016	<i>Inicio procedementos sancionadores de tráfico</i>
134bis/2016	11/05/2016	<i>Inicio procedementos sancionadores de tráfico</i>
153/2016	30/05/2016	<i>Asunto: Outorgamento do premio do XIX certame do concurso de poesía "Concello de Carral" a D. Modesto Fraga Moure.</i>
154/2016	31/05/2016	<i>Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 14/2016</i>
155/2016	31/05/2016	<i>Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 16/2016</i>
156/2016	31/05/2016	<i>Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 18/2016</i>
157/2016	01/06/2016	<i>Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 10/2016, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 31 de maio de 2016, por importe de 18.144,06 €.</i>
158/2016	01/06/2016	<i>Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Taronvs Promocións, SL (EXP. LP 9/2016)</i>
159/2016	01/06/2016	<i>Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Julia Rodríguez García160</i>
160/2016	01/06/2016	<i>Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Emilia Landeira Bragunde</i>
161/2016	02/06/2016	<i>Asunto: Solicitud á Xunta de Galicia (Consellaría de Política Social) de subvención para o Servizo de Información Xuvenil de Carral (Funcionamento da OMIX e programa de actividades) ao abeiro da orde do 21 de abril de 2016 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016 e se procede á súa convocatoria.</i>
162/2016	02/06/2016	<i>Asunto: Solicitud á Xunta de Galicia (Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) de subvención para a elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Ambiental do Concello de Carral ao abeiro da orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.</i>
163/2016	02/06/2016	<i>Asunto: Solicitud á Deputación Provincial da Coruña de subvención para "CONTRATACIÓN TÉCNICO DE TURISMO CARRAL 2016", ao abeiro da</i>



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:


164/2016	06/06/2016	convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2016 Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Arturo Guimarey Brandariz
165/2016	07/06/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xuño de 2016)
166/2016	10/06/2016	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 4º trimestre 2015
167/2016	13/06/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Rosa Seoane Fuentes
168/2016	13/06/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Antonio García Martínez
169/2016	13/06/2016	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D Andrés Barros Mosquera
170/2016	14/06/2016	Asunto: <i>Solicitud á Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia do establecemento dun convenio de colaboración co Concello de Carral (A Coruña) para a execución por parte daquela, con cargos aos seus orzamentos, das obras de infraestruturas rurais do Plan de Emerxencias 2016 consistentes no "Acondicionamento camiño de Cruz de Beira a Curro de Beira".</i>
171/2016	14/06/2016	Asunto: Axudas odontolóxicas, oftalmolóxicas e de estudos persoal do Concello (xaneiro a xuño de 2016)
172/2016	14/06/2016	Asunto: <i>Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas e dependencia – (maio de 2016)</i>
173/2016	14/06/2016	Asunto: <i>Modificación do decreto 22/2016, do 27 de xaneiro, para comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 18 de xuño a 25 de xuño de 2016 (todos eles incluídos), de xeito que o Secretario titular actuará coma tal durante a xornada das eleccións a Cortes Xerais do 26 de xuño de 2016 .</i>
174/2016	15/06/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 15/2016
175/2016	17/06/2016	Asunto: <i>Solicitud dunha axuda ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para a "Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación do polideportivo de "O Espiño" ao abeiro da súa resolución do 10 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local , cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.</i>
176/2016	17/06/2016	Asunto: <i>Solicitud dunha axuda ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para a "Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación do polideportivo do "Colexio Vicente Otero" ao abeiro da súa resolución do 10 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local , cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.</i>
177/2016	17/06/2016	Asunto: <i>Autorización de pagamento a xustificar 19/2016</i>
178/2016	17/06/2016	Asunto: <i>Autorización de pagamento a xustificar 20/2016</i>
179/2016	17/06/2016	Asunto: <i>Xustificación de pagamento a xustificar 17/2016</i>
180/2016	21/06/2016	Asunto: <i>Autorización de pagamento a xustificar 21/2016</i>
181/2016	22/06/2016	Asunto: <i>Concesión tarxeta estacionamento a favor de Colin Meizoso</i>
182/2016	22/06/2016	Asunto: <i>Concesión prestación SAF Rosalia Santos Fariña</i>
183/2016	22/06/2016	Asunto: <i>Pago a xustificar a favor de Rubén Regueira</i>
184/2016	22/06/2016	Asunto: <i>Levantamento reparo suspensivo 11/2016 e aprobación facturas</i>
185/2016	22/06/2016	Asunto: <i>Levantamento reparo suspensivo 12/2016 e aprobación nóm. junio</i>
186/2017	22/06/2016	Asunto: <i>Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico</i>



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

187/2016	27/06/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio Rodríguez Fuentes (EXP. LP 10/2016)
188/2016	29/06/2016	Asunto: Xunta de Goberno Local 8/2016 Ordinaria (xoves 30/06/2016)
189/2016	30/06/2016	Asunto: Convocatoria Pleno Extraordinaria e urxente 5/2016 (venres 1 de xullo de 2016 ás 9:00 horas)
190/2016	01/07/2016	Asunto: Adxudicación do contrato menor de servizos "Escola de verán 2016" do Concello de Carral (A Coruña)
191/2016	01/07/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 23/2016
192/2016	01/07/2016	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e básica - (xuíño de 2016)
193/2016	01/07/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (xullo de 2016)
194/2016	01/07/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Francisco Espiñeira Fariña (EXP. LP 11/2016)
195/2016	04/07/2016	CONVOCATORIA: Comisión especial de contas.EXTRAORDINARIA 1/2016
196/2016	04/07/2016	Asunto: Aprobación de modificación do proxecto do programa mixto de emprego e formación para a mocidade "Valorización de espazos públicos e mellora dos serizos municipais" (tras o acordo favorable da Comisión Central de Valoración), para cuxa posta en marcha se solicitou á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención previo convenio cos concellos de Abegondo, Bergondo, Mesía e Oza-Cesuras
197/2016	04/07/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 19/2016
198/2016	04/07/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 21/2016
199/2016	04/07/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María Victoria Bermúdez Suárez (EXP. LP 12/2016)
200/2016	06/07/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José Brandariz Ferreiro (EXP. LP 13/2016)
201/2016	06/07/2016	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 5 e 15 de agosto, e 3 e 13 de novembro de 2016 (todos eles incluídos), e por permiso por asuntos persoais (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) o 8 de xullo de 2016.
202/2016	06/07/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . Emilia Guimarey Vilar (EXP. LP 14/2016)
203/2016	07/07/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 5/2016)
204/2016	08/07/2016	Asunto:Modificación Orzamento xeral M.C. 1/2016. Xer. C. 1/2016
205/2016	08/07/2016	Asunto:Modificación Orzamento xeral M.C. 2/2016. Xer. C. 2/2016
206/2016	13/07/2016	Asunto: Solicitud a Deputación Provincial da Coruña de subvención para a "Contratación de técnico para a Colección Visitable do Castro das Travesas", ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de Museos e Centros de interpretación, durante o ano 2016.
207/2016	14/07/2016	Asunto: Liquidación do principal e dos xuros devengados e pago dos mesmos á comunidade de herdeiros de don Jesús López Martínez pola expropiación dunha parcela con inmovible para beirarrúas en Outeiro.
208/2016	14/07/2016	Asunto: Solicitud de participación do Concello de Carral no Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
209/2016	14/07/2016	Asunto: Reintegro á Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Secretaría Xeral da Igualdade) de pagamento anticipado, por importe de 7.616,86 €, por revogación da subvención concedida ao Concello de Carral para actividades do programa "Escola de Verán 2015"
210/2016	14/07/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrência) a D. Manuel Vázquez Chas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

211/2016	14/07/2016	Asunto: Resolución de Inicio de Procedementos Sancionadores de Tráfico
212/2016	15/07/2016	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.3/2016, X.C. 3/2016.
213/2016	15/07/2016	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.4/2016, X.C. 4/2016.
214/2016	15/07/2016	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 24/2016
215/2016	15/07/2016	Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación de tres traballadores/as de obras públicas para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais subvencionada pola Deputación da coruña ao abeiro do programa de integración laboral (PIL) dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2016.
216/2016	15/07/2016	Asunto: Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística (Construción de galpón que aparentemente non garda os metros que debería de separación a colindantes, en parcela sita en Outra Aldea, nº 15.).
217/2016	19/07/2016	Asunto: Convocatoria Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 4/2016. Ordinaria (22/07/2016)
218/2016	19/07/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 6/2016)
219/2016	20/07/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. María Ángeles García Seoane (EXP. LP 15/2016)
220/2016	20/07/2016	Asunto: Levantamento de reparo suspensivo 13/2016, emitido no tocante ao recoñecemento da obriga de relación de facturas proposta pola Alcaldía o 19 de xullo de 2016, por importe de 34.629,68 €.
221/2016	20/07/2016	Asunto: Iniciación del expediente de contratación mixta sujeta a regulación armonizada, por procedimiento abierto (oferta economicamente más ventajosa, varios criterios de adjudicación) del suministro con instalación "Renovación del alumbrado público del Ayuntamiento de Carral "(financiado a través del préstamo reembolsable concedido al Ayuntamiento de Carral mediante resolución de 26 de abril de 2016 del director general del IDAE-Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía; Ministerio de industria, energía y turismo). Conforme establece la base 8.5.b) de las que regulan el préstamo, se hace constar la posibilidad de cofinanciación o participación del FEDER y/o Fondos de Cohesión de la Unión Europea.
222/2016	20/07/2016	Asunto: Aprobación nóminas de xullo de 2016, previo levantamento do reparo suspensivo da Intervención do Concello 14/2016
223/2016	21/07/2016	Asunto: Convocatoria Pleno 6/2016. Ordinaria (28/07/2016)


4.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupo municipais mixto/ACC e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

4.1.-Moción oral do grupo municipal mixto-ACC para solicitar a incorporación do Concello ao programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia para o seu aluguer a familias desfavorecidas.

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) explica que o problema do desemprego está a traer unha importante exclusión social e que se podería preguntar aos servizos sociais municipais para confirmar que hai moitas familias en Carral que non chegan a fin de mes. Propón que o Concello de Carral solicite a súa incorporación ao programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia, referido tanto a propiedades públicas coma privadas, para destinalas ao seu alugueiro social para familias desfavorecidas. Engade que a Xunta proporciona un seguro multiuso para o fogar e un seguro de cobramento sen custe para o Concello. Por outra banda,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

opina que se podería dar tal uso, por exemplo, ás vivendas do Concello que están no colexio.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

Porén, o Alcalde explica que a Xunta de Galicia xa preguntou ao Concello se tiña vivendas sociais ou protexidas das que dispor. Engade que algunhas das antigas vivendas dos mestres xa están destinadas a fins educativos, e que a Xunta xa é consciente da súa existencia, e comunicará se as necesita. Ademais, manifesta que xa hai unha bolsa de vivendas co SAREB, e que é a Xunta de Galicia a que dirá que vivendas se utilizarán por parte das familias que as poidan necesitar. Porén, indica que non lle consta ningunha solicitude de vivenda aos servizos sociais municipais, mais que si se tramitan puntualmente bonificacións de alugueiros perante a Xunta de Galicia, e o Concello se fai cargo de situacións de emerxencia, por exemplo cando non se pode pagar a luz. Por todo iso, considera que non existe unha demanda urxente dese tipo de vivendas por parte de veciños de Carral.

4.2.-Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE para o arranxo da pista polideportiva do Canedo.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) opina que a pista polideportiva do Canedo se atopa nun estado perigoso, pola súa superficie rugosa, que pode provocar que, se se dá algunha caída, esta sexa aparatosa. Propón que se arranxe mediante a súa inclusión nun dos plans de investimento da Deputación ou mediante fondos propios municipais.

O señor Alcalde manifesta que formalmente se votará a urxencia da moción para cambiar o pavimento, mais que o seu contido, na súa opinión, é máis ben o dun rogo, e que para iso están estes. Indica que, en calquera caso, non o consideran unha cuestión urxente. Explica que o pavimento era bo no seu día, mais que se foi degradando co tempo pola néboa que se dá na zona, e pola entrada de coches, a pesares de estar prohibida. Engade que, na súa opinión, hai outras necesidades máis urxentes que cambiar a pista do Canedo.

O señor Couto López replica que é unha demanda dos veciños dende hai tempo.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada, co voto en contra dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (cinco, dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE - e o do único membro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

5.-ROGOS E PREGUNTAS.

5.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo manifesta que, de acordo coa Lei 5/2016, do Patrimonio de Galicia, os Concellos poden e deben conservar o patrimonio presente neles. No tocante ao Castro de Herves, pregunta que se fixo por parte do Concello en relación a unha prantación ilegal de eucaliptos alí realizada, e que se vai facer, xa que seguen a medrar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

O señor Alcalde explica que chegou un requirimento do SEPRONA no que se solicita un informe sobre a calificación urbanística da zona, que foi trasladado a tal organismo, mais non sabe que decisión tomou ao respecto. Pola súa banda, Patrimonio pediu información sobre se hai un permiso para a tala e prantación. Engade que existe unha autorización da Consellaría do Medio Rural da Xunta para a tala. Coida que as persoas posiblemente foron incoscientes da irregularidade e pensaron que poderían estar permitidos na antesala do castro, por decisión dos propietarios, mais que quitaron os eucaliptos da croa do castro. Reitera que no Concello non existe ningunha solicitude ao efecto, mais si perante a Xunta de Galicia, que concedeu permiso para o corte.

O señor Bergondo Trillo pregunta se tamén concederon permiso para a prantación, ao que o señor Alcalde resposta negativamente, e engade que os propietarios, ao ver que sempre se prantaban e talaban eucaliptos na zona, non actuaron con mala fe, aínda que poida chegar a ser delito, e posteriormente arrincaron todas as prantas da croa, se ben hai dúbidas sobre as das ladeiras. O señor Bergondo Trillo resposta que o día anterior foi ao castro e comprobou que segue habendo eucaliptos na croa, a partires do sexto ou sétimo rego. O señor Alcalde manifesta que hai alí prantas dende hai trinta anos, e que non sabe se non os quitaron todos, mais que deberían colaborar coa Administración e arrincalos todos. O señor Bergondo Trillo puntualiza que el non fala en contra dos propietarios.

O señor Alcalde engade que se encargou un informe a Patrimonio para saber se houbo danos, e explica que a responsabilidade pode ser até penal, e que o descoñecemento da normativa ao respecto non exime do seu cumprimento.

O señor Bergondo Trillo pídelles que informe aos propietarios de boa fe que aínda quedaron eucaliptos, e o señor Alcalde indica que a idea deles é repoñer a zona ao seu estado anterior.

5.2-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Couto López manifesta que as pistas de pádel e polideportiva seguen pechadas, pese a estar case rematado o verán, e pregunta cando teñen previsto poñelas a disposición dos cidadáns.

O señor Alcalde resposta que, dado que o Concello non está sobrado de diñeiro, estanse adaptando os accesos, xa que o importe outorgado mediante subvención non chegaba para todo. Engade que, segundo tales operarios, en pouco tempo se porán en funcionamento. Explica que estes son os mellores momentos do ano para disfrutar de tales instalacións, mais tamén hai que arranxar fochancas e realizar reparacións nos colexios. Indica ue xa hai material ao efecto na nave, e espera que a obra se poida realizar en poucos días, á espera de que se poida recibir unha subvención maior para o cubrimento das pistas.

O señor Couto López pregunta se poden concretar unha data, ao que o señor Barbeito rey (concelleiro de obras e servizos) resposta que, despois da semana próxima, nuns quince días podería estar lista a obra.

O señor Couto López opina que o estado das pistas polideportivas en xeral, en canto ao seu pavimento, portarías e canastas, non é moi bo. Explica que hai uns días lle preguntaron onde podían xogar un partido de baloncesto, e tiveron que ir xogar ao Castelo. Opina que habería que procurar que as canastas estean en condicións , e coida que non é de recibo que as pistas estean case todas abandonadas, cando hai en todas as parroquias. Engade que, hai un mes, a de Beira estaba chea de lixo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

2.- O señor Couto López manifesta que, segundo a normativa de incendios de Galicia, os titulares das vías deben desbrozalas antes da fin de xuño, indica que isto non está feito en todos os 114 quilómetros de pistas existentes no municipio, e pregunta que porcentaxe está feita.

O señor Montes Martínez (concelleiro de medio ambiente, infraestruturas e protección civil) respota que queda por facer a metade de San Vicente e Paleo.

O señor Couto López opina que os desbroces deberían facerse cun equipo nun mes, xa coa maquinaria do Concello ou cunha subcontrata.

O señor Alcalde respota que a maioría da xente que se adica a esas tarefas traballa oito horas sen parar, e engade que xa lle gustaría que o tractor puidese facer tantos quilómetros. Opina que unicamente con tres tractores traballando as 24 horas se poderían facer todos eses quilómetros. Engade que os desbroces custan unha media de entre 180 e 220 € por quilómetro, e que facer ambas marxes leva o seu tempo pois, ás veces, hai que pasar tres ou catro veces por existir herbas da Pampa, ou hai biondas que obrigan a facer o traballo manualmente. Por outra banda, pide ao señor Couto que dea ideas para facelo máis rápido se ten experiencia no tema.

Asemade, o señor Couto López indica que hai pouco se pagaron uns 10.000 € para arranxar o tractor, e pregunta canto gasta o Concello anualmente neses traballos, ao que o señor Alcalde respota que arredor duns 30.000 €.

O señor Couto López replica que, segundo esas cifras, o Concello pagaría sobre uns 300 € por quilómetro en lugar de 180, polo que o rendemento non sería óptimo. Pide que, en adiante, Carral poida estar desbrozado a finais de xuño, actuando sobre uns 50 quilómetros ao mes, mediante a planificación de medios propios e subcontratados, e engade que non sabe por que se avaría tanto o tractor.

3.- O señor Couto López pregunta cal é o custe total do investido no campo de fútbol dos Capelos, pois, na súa opinión, semella unha "obra a parches", na que sempre queda algo por facer, coma se fose un "pozo sen fondo" que nunca está completo.

4.- O señor Couto López indica que a iluminación pública en Loureiro, Canedo e Lamagal está pagada, e que os veciños se están a queixar por iso.

5.3-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde respota que, cando salta o automático, súbese a clavixa e mírase que ten. Explica que hai derivacións na zona e que están a esperar os traballos de empresas externas para arranxar o problema. Opina que, mentres, é mellor telo apagado que co risco que suporía ter o cadro ponteado. Así, conclúe que se está niso, mais que o problema é que custa reparalo, mais tentarase facelo á maior brevidade posible.

No tocante ao campo de fútbol, o señor Alcalde explica que se trata dunha obra que foi nacendo aos poucos: Primeiro, a Deputación finaciou o céspede, mais por diversos problemas, de 304.000 € só pagou 205.000 € (O señor Couto replica que foi porque adicaron a diferenza a outra obra distinta á subvencionada). O señor Alcalde explica que se debeu á falta de tramitación do correspondente reformado, de xeito que se fixeron unidades de obra que non estaban contempladas e, ao non coincidir coas inicialmente aprobadas, eliminaron esa parte da subvención, e a Deputación aforrou 105.000 €. Posteriormente, houbo convenios coa Deputación para os vestiarios (arredor duns 125.000 €, en relación aos que houbo unha baixa de perto dun



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

20% e un reformado) e para o peche e a iluminación (sobre uns 100.000 €). Explica que, cando o Concello podería terse acollido ao Plan de campos de fútbol provincial, non puido dispoñer desde terreos coma deportivos, por non dispoñer o goberno de maioría suficiente para cambialo, e por iso perdeuse esa oportunidade de facer bancadas, iluminación e céspede por un importe duns 450 ou 500.000 €. Malia iso, a Deputación tentou axudar ao Concello con convenios para o outorgamento de subvencións nominativas. Por outra banda, engade que a UD Carral e outros clubs que traballan alí con rapaces, indican necesidades que se tentan atender co traballo dos operarios municipais. Engade que faltan as bancadas para rematar, e para evitar que medren os toxos nos taludes, e que se pedirán axudas para facelas á Xunta de Galicia e á Deputación.

En relación aos desbroces, o señor Alcalde engade que a normativa se incumpre por parte de todas as Administracións, e que o Concello de Carral mide moito o que gasta para esa finalidade. Explica que rompeu o rotor da desbrozadora, que custou sobre uns 4.000 €, e que, aínda que o motor do tractor ten os seus anos, espera que non debería fallar nun tempo.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 12 horas e 36 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de once páxinas numeradas do un ao once, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

